



veciñanza

nota de prensa

O PP bloquea a iniciativa de En Marea para buscar solucións ás enchentes do Gallo en Cuntis

O Deputado Antón Sánchez (de En Marea) elevou ao Parlamento a proposta de Veciñanza para revisar os mapas de risco de inundacións en Cuntis e incorporar as zonas excluídas, así como tamén para instar a Fomento a ampliar as tubaxes da N-640 que provocan as inundacións.

Cuntis, 18 de maio de 2017. Este pasado martes debateuse na Comisión 2ª do Parlamento de Galicia a iniciativa presentada por En Marea para instar á Xunta de Galicia a incluír nos mapas de risco de inundacións as zonas de Cuntis que foron excluídas, así como para que o Goberno Galego inste a Fomento a ampliar as tubaxes da N-640. O Deputado Antón Sánchez foi quen defendeu a iniciativa, presentada logo da xornada 'Os Parlamentos na Rúa', que no mes de febreiro organizara Veciñanza en Cuntis. Foi engadida á iniciativa de En Marea a solicitude á Xunta de Galicia para que se acometa dunha vez por todas a limpeza do río Gallo, demanda veciñal reiterada en numerosas ocasións.

Malia non presentar ningún argumento nin negar a posibilidade de revisar os mapas de risco de inundacións, o Partido Popular votou en contra da proposta de En Marea e bloqueou deste xeito a revisión inmediata das zonas de risco na vila de Cuntis. Tal e como declarou o deputado de En Marea Antón Sánchez, 'é unha irresponsabilidade adiar ata 2019 algo que se pode facer xa mesmo'. Ademais, recentemente a Comisión Europea vén de afirmar que a Directiva que rexe as zonas ARPSI (as identificadas con potencial risco de inundación) **non impide que os Estados Membros (e neste caso o Goberno Galego) revisen os devanditos mapas cando sexa necesario.** A CE ratificou isto en resposta á pregunta feita pola Eurodeputada Lidia Senra, que tamén participara na xornada 'Os Parlamentos na rúa' na que se comprometera a elevar a cuestión proposta por Veciñanza ata o Parlamento Europeo.

Tanto Veciñanza como En Marea seguiremos a traballar conxuntamente para tratar de que a Xunta de Galicia se implique nas melloras estruturais que son precisas para pórllle fin ao problema das enchentes en Cuntis. Seguiremos insistindo na necesidade de manter o río Gallo nun óptimo estado de conservación e nas próximas semanas En Marea volverá a esixirlle a Augas de Galicia que o limpe e que revise xa os mapas de risco de inundacións.

